



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLA QUE SE CONVOCA, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO, A PROBA ESPECÍFICA DE ACCESO AO CICLO INICIAL DE GRAO MEDIO EN VELA CON APARELLO FIXO E APARELLO LIBRE, CONDUCENTES AOS TÍTULOS DE TÉCNICO DEPORTIVO EN VELA CON APARELLO FIXO E TÉCNICO DEPORTIVO EN VELA CON APARELLO LIBRE, SOLICITADAS POLO CAD SAFE EDUCACIÓN e FORMACIÓN SL OURENSE.

Con data de rexistro de 6 de xuño de 2024, o centro autorizado CAD SAFE Educación e Formación SL solicitou, perante esta Dirección Xeral de Formación Profesional, autorización para a realización das probas específicas de acceso ao ciclo inicial de grao medio en vela con aparello fixo e aparello libre correspondentes ao título de Técnico Deportivo en vela con aparello fixo e Técnico Deportivo en vela con aparello libre

Pola Orde do 30 de xaneiro de 2024 pola que se modifica a autorización do centro Safe Educación e Formación, de Ourense, por ampliación das ensinanzas deportivas nas especialidades dos deportes de vela.

O REAL DECRETO 935/2010, do 23 de xullo, establecen o título de técnico deportivo en Vela con Aparello Fixo, e título de técnico deportivo en Vela con Aparello Libre, e fixan as súas ensinanzas mínimas e os requisitos de acceso. (BOE do 31 de agosto) e o DECRETO 135/2012, do 31 de maio, polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre (DOG do 20 de xuño). Modificado polo Decreto 106/2017, do 28 de setembro na disposición derradeira primeira. (DOG do 13 novembro)

O capítulo V da Orde do 22 de xullo de 2021 pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de ensinanzas de réxime especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 30 de xullo) regula o acceso ás ensinanzas deportivas tanto en centros públicos como autorizados.





Tendo en conta a flexibilidade na oferta educativa de ensinanzas deportivas recollida na normativa, e co fin de non causar prexuízo ao alumnado que desexa cursar estudos en dito centro, esta Dirección Xeral **RESOLVE** convocar as probas específicas de acceso ao ciclo inicial, en vela con aparello fixo e vela con aparello libre, conducentes á obtención dos títulos de Técnico deportivo en vela con Aparello Fixo e Técnico Deportivo en vela con Aparello Libre, que se realizará de acordo ao seguinte:

- O tribunal avaliador constituirase nalgún día anterior a data do exame, reunirse outro día para a preparación do exame e das instalacións onde se realizarán as probas, e reunirse nalgún día posterior a data do exame para rematar a avaliación e resolver as reclamacións se as houberse.
- As probas terán lugar nas instalacións deportivas do Centro Galego de vela (R/ Rampa do Cavadelo sn- 36600 Vilagarcía de Arousa) **o venres 27 de setembro de 2024 a partir das 10:00 horas**. No caso de que as condicións meteorolóxicas non permitan realizar as probas nese día, o tribunal poderá cambiar a data da proba.
- So poderán inscribirse na proba específica as persoas aspirantes que reúnan os requisitos académicos establecidos para poder cursar estas ensinanzas.
- A inscrición para a realización das ditas probas deberá formalizarse na secretaría do CIFP A Farixa (Rúa Finca Farixa s/n, Mariñamansa, Ourense 32005) ata o día **19 de setembro de 2024**, presentando a documentación establecida na Resolución do 9 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se convocan probas de acceso ás ensinanzas deportivas para o curso 2024/25.
- As persoas aspirantes deberán aboar os prezos públicos de acordo co establecido no Decreto 89/2013, do 13 de xuño, para este tipo de probas.





- A listaxe provisional de admitidos/as das persoas aspirantes publicarase o **20 de setembro de 2024** no taboleiro de anuncios e na páxina web do **CIFP a Farixa**.
 - As reclamacións a listaxe provisional realizarase os días **23 e 24 de setembro de 2024** a través da secretaría do citado CIFP.
 - A listaxe definitiva de admitidos/as e a distribución dos aspirantes en función das probas publicarase o **25 de setembro de 2024** no taboleiro de anuncios e na páxina web do **CIFP a Farixa**
 - A listaxe provisional de aspirantes que superen as probas publicarase o día **1 de outubro de 2024** no taboleiro de anuncios e na páxina web do **CIFP a Farixa**.
 - As reclamacións aos resultados das probas realizarase os días **2 e 3 de outubro de 2024** a través da secretaría do citado CIFP.
 - A listaxe definitiva da cualificación dos/as aspirantes publicarase o **4 de outubro de 2024** no taboleiro de anuncios e na páxina web do **CIFP a Farixa**.
- O tribunal da avaliación terá a categoría cuarta, e as persoas que o integran percibirán as correspondentes compensacións económicas polas actividades realizadas, conforme o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo do persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, ou norma que o substitúa.





• As probas serán administradas, avaliadas e cualificadas por un tribunal que estará integrado polos seguintes membros:

- Presidente: Marcos Antonio Fernández Álvarez (inspector de Educación)
- Secretaria: Miguel Aragón Fitera
- Vogal titular 1: Miguel Cons Ferreiro
- Vogal titular 2: Bruno Javier Gago Torrado
- Vogal titular 3: María Dolores Camba Vidal
- Vogal suplente : Hugo Fernández Fernández

Atendendo ao artigo 26 do DECRETO 135/2012, do 31 de maio, polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo en vela con aparello fixo e técnico deportivo en vela con aparello libre. , o tribunal estará composto por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e polo menos tres avaliadores/as.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández

